

Rematou o ciclo sobre a narrativa galega

Como remate da primeira parte do ciclo «Achegamento a literatura actual gallega», adicada a narrativa, celebrouse o vernas unha sesión na Caixa de Aforros na que participaron os escritores Xoan Ignacio Taibo, Xosé M. Martínez Oca e Alfredo Conde.

Hai que salientar a boa acolleita que o público

Xoan Ignacio Taibo, que ven de publicar recentemente unha última novela «Semancia», falou sobor de «A subsistencia do escritor», facendo unha exposición rápida, pro tamén densa, de tódolos factores que inciden na economía mais ben cativa do creador literario en Galicia. Analizou as dificultades e trancos cos que se atopa o escritor a hora de plantexarse a súa profesionalización decindo que era un labor pouco remunerado e que isto producía un circo vicioso xa que o ser o produto moi barato daba como consecuencia unha cultura afogada que forzosa-mente tería de ser de baixa calidade; precisou que a alternativa dos concursos literarios non se podía ter en conta porque o seren escasos, excluíntes e de decisións discutibéis non se poden considerar unha solución económica.

Falou tamén da colaboración dos escritores en xornais, revistas, radio ou TV, como unha axuda subsistencial, pro dunha moi baixa remuneración, pois aínda pervive a idea, subxacente tamén en algunhas editoriais, de que o escritor debe de se considerar pagado co mero feito de que se publique o seu traballo. Criticou a baixa porcentaxe que percibe o autor respecto do pre- cio de venda do libro, que en Galicia non sube nunca do dez por cento, namentras que o editor percibe o quince, o distribuidor o vinte, e o libreiro o trinta. Analizou bastante en profundidade as relacións autor - editor.

A NOVELÍSTICA GALEGA

Alfredo Conde, que tamén publicou hai pouco unha nova novela, «Breixo», veu a afirmar que aínda non existe unha nove-

lística galega, considerando que non se dan unha chea de caracteres secundarios que a poidan identificar coma tal. Dixo que as causas deducíanse precisamente do exposto polo primeiro conferenciante, Xoan I. Taibo, e un fato de causas políticas, económicas e sociais, tendo en conta, asemade, que na nosa cultura non hai prosa ate os anos vinte en que aparen tamén as primeiras traducións ó galego, e o feito de no ter existido unha normalización cultural que tería de pasar pola política pra que o noso idioma se complete cun corpo de prosa.

Pasou por último a decir que na nosa literatura danse decote tres aspectos que confirman que non temos un instrumento de cultura definido, no que se ten que converter a nosa fala campesiña en outra cidadán, coma e a aparición en calquera novela galega do tema da recordación da nenez, do tema dos tol- dos de aldea ou da recordación da vida aldeán.

Xosé Manuel Martínez Oca, finalista do Premio Blanco Amor de novela longa coa súa obra «Caborcos» que en breve será editada, falou da conveniencia ou perxuício que os premios e concursos literarios aportaban ó escritor galego. Dentro dunha serie de consideracións xerais a toda España, dixo que os concursos literarios dos anos corenta, poucos daquela, serviran pra daren a coñecer a autores como Sánchez Ferlosio, Delibes, ou Carmen Laforet, namentras que arestora, cando aí máis de catrocentos en todo o Estado soamente sirven pra produciren no lector unha grande desorientación.

está a dispensar a este interesante ciclo tendo en conta o pouco oportunas que resultan as datas nas que se está a celebrar; pesia todo, o auditorio viu ocupadas nos dous días de conferencias as dúas terceiras partes da súa capacidade, cun público maioritariamente roven e con boa disposición e interés pra participaren nos coloquios finais, o cal da unha valoración global positiva.

particular de Galicia onde anumerou uns sete premios literarios que considerou excesivos tendo en conta a pouca produ- ción narrativa, segundo dixo, que motivou que dous premios convocados este ano quedasen desertos, e mesmo, segundo referencias suás, que o propio premio Blanco Amor, o que concurrían once novelas, estive- ra a piques tamén de selo, pola pouca calidade das obras pre- sentadas.

Así pois, chegou a conclusión de que os concursos estimulan a cantidade o exixir do autor unha extensa produción, pro non acontece o mesmo respecto da calidade das obras. Pasou a poñer en tea de xuício o bó criterio dos xurados, poñendo como premisas fundamentais pra con- vocatoria dos premios que o plazo entre a súa notificación e o peche do prazo de admisión de orixinais fose longo dabondo pra facilitala traballo do autor, que tivesen ademais unha ga- rantía de continuidade en anos sucesivos, e que desen ós parti- cipantes a garantía da publica- ción das obras premiadas e fina- listas. Dempois desta chea de considerandos, Martínez Oca, chegou á conclusión de que a pesares de todo, eran conve- nientes os premios literarios por- que supoñen un aliciente pros novos escritores que non teñen acceso doado as editoriais, pro sen chegar a unha excesiva pro- liferación dos mesmos que con- levaría a un mal nivel de calida- de que redundara sempre en perxuício do propio autor.

O ciclo quedou así en suspe- so deica o próximo día 22 en que se encetra a parte adicada a poesía.

MARIA XOSE PORTEIRO

LA VOZ DE GALICIA - domingo,
18-X-1981